23. corpore insepulto: (Ab. de corpus,-oris + Ab. de insepultus “sen sepultura”) “co corpo sen sepultar”. Dise do funeral que se celebra cando aínda non se enterrou o cadáver. Con frecuencia dise *de corpore insepulto*, onde sobra a preposición de.

24. corpus delicti: (N. sg. de corpus,-oris + X. sg. de delictum,-i) “o corpo do delito”. Xuridicamente significa o acto que constitúe o delito. Frecuentemente aplícase de maneira incorrecta ó obxecto material co que se cometeu o delito e máis particularmente ao cadáver no caso de asasinato. Úsase con frecuencia nun contexto máis amplo para indicar a causa dun acontecemento calquera.

25. cum laude: (prep. cum + Ab. de laus, laudis “loanza”) “con loanza” “con mención especial”. Con esta expresión resáltanse algunhas cualificacións académicas, subliñando o mérito de quen consegue tal cualificación.

26. curriculum vitae: (N. de curriculum,-i + X. de vita,-ae) “carreira da vida”, máis exactamente “carreiriña da vida”. Descrición das actividades, méritos, etc. dunha persoa durante a vida. Esíxese frecuentemente para acompañar unha solicitude de traballo.

27. cursus honorum: (N. sg. de cursus,-us + X. pl. de honor,-oris) “carreira de honores”, “carreira política”. Era a sucesión de cargos (cuestor, edil,...) polos que pasaba un romano ata chegar ó consulado. De aquí, calquera sucesión de postos que levan a unha posición de grande autoridade.

28. de facto: “de feito”. Oponse na linguaxe xurídica a *de iure*. Úsase tamén para indicar que un estado, goberno ou fronteiras non foron recoñecidos xuridicamente, pero si de feito.

29. de incognito: (prep. de + Ab. de incognitus,-a,-um) “sen ser recoñecido”.

30. de iure: “de dereito”, “de acordo coa lei”. Úsase nas relacións internacionais para indicar que un estado, goberno ou fronteiras foron recoñecidos xuridicamente por outro estado.

31. Deo volente: (Deus,-i + part.pres. de volo) “se Deus quere”, “Deus mediante”.

32. (doctor) honoris causa: (X. de honor, honoris + Ab. de causa,-ae) “por honra” “por honor”. Título ou distinción que se dá en atención a grandes méritos do interesado.

33. do ut des: (ut final + subx. de do) “dou para que des”. Precepto xudicial de reciprocidade que rexía algúns contratos innominados contemplados no dereito romano. Na actualidade é moi usada para definir os intercambios de favores que se producen entre individuos ou entidades, esquivando, por favoritismo ou amiguismo, elementales normas éticas de relación social.

34. dura lex sed lex: (N. de durus,-a,-um + lex, legis + conx. sed) “a lei é dura pero é a lei”. Antigo aforismo legalista que di que a lei, por incómoda que sexa, hai que obedecela sempre.

35. ecce homo: (adv. ecce + N. de homo,-inis) “velaquí o home”. Palabras de Poncio Pilato aos xudeus cando lles amosou a Xesús cunha cana na man en vez dun cetro e unha coroa de espiñas na cabeza.

Numerosas pinturas e esculturas que elixiron este tema tamén se lles chama así. Igualmente designa a unha persoa de aspecto magoado ou sucio.

36. editio princeps: (N.sg.de editio,-onis + adxc. princeps,-ipis) “primeira edición”. Xeralmente referido a textos clásicos. Aparece abreviado en ed. p. cando se emprega nos aparatos de crítica textual.

37. errare humanum est: “equivocarse é humano”. O erro é inherente á súa natureza.

38. et cetera: (et + neutro pl. de ceterus,-a,-um “o demais”) “e o resto” “e o demais”. Úsase para evitar dicir o que o lector pode deducir facilmente. Normalmente en abreviatura: etc.

39. ex aequo: (ex + Ab. de aequus,-a,-um “igual”) “por igual”. Utilízase hoxe nas clasificacións deportivas, maiormente no ciclismo.

40. ex cathedra: “desde a cátedra”, “desde o posto de mestre”. Falar *ex cathedra* significa expresarse en ton maxisterial e moi solemne. Úsase para ponderar a autoridade coa que alguén está afirmando algo. Cando o papa de Roma proclama unha afirmación teolóxica *ex cathedra* considera a Igrexa Católica que é infalible.

41. ex iure: (ex+ Ab. de ius, iuris) “segundo o dereito”.

42. ex libris: (ex +Ab. de liber,-bri “libro”) “dos libros de”. Etiqueta que se pega ou grava no reverso da tapa dos libros co nome do dono ou da biblioteca á que pertence. Os primeiros ex libris nacen en Alemaña, no século XV-XVI e consisten normalmente nun debuxo co emblema do dono ou da biblioteca.

43. ex professo: (ex + Ab. de professus,-a,-um “recoñecido” “confesado”) “adrede”, “a propósito”, “intencionadamente”.

44. exempli gratia: (X. de exemplum,-i + prep. gratia) “ por exemplo”. Tamén se di *verbi gratia* co mesmo senso.

45. extra muros: “ fóra das murallas”. Designa a quen non pertencía a unha comunidade urbana, ou, simplemente a toda construción edificada fóra dun recinto amurallado. O antónimo é *intra muros*.

46. **facta, non verba:** (N. pl. de factum,-i + N.pl. de verbum,-i) “feitos, non palabras”.
47. **fiat lux:** (3ª sg.pres.subx. de fio + N.sg. de lux, lucis) “ fágase a luz” .Expresión creadora do Xénese (1,3). Cítase como divisa de todo gran descubrimento, que fai que unha cousa pase da noite ao día.
48. **gratis et amore:** (adv. + Ab.de amor,-oris) “sen cobrar e por amor”.
49. **grosso modo:** (Ab. de grossus,-a,-um + Ab. de modus,-i) “sen moita exactitude”, “de maneira aproximada”. Locución tomada do baixo latín.
50. **habeas corpus:** (2ª s. pres.subx.de habeo + Ac. de corpus,-oris “corpo”) literalmente “ que teñas o corpo”. Fórmula abreviada da expresión *habeas corpus ad subiiciendum* coa que se expresa o dereito do cidadán a ser exhibido no momento da súa detención. É unha ferramenta xurídica contra os abusos das autoridades.
51. **habent sua fata libelli:** (Ac.pl. n. fatum,-i + N. pl. de libellus,-i) “os libros teñen o seu destino”. O verso completo, pertencente ao Carmen heroicum di “pro captu lectoris, habent ...” “segundo a interpretación do lector...”
52. **hic et nunc:** (adv. hic “aquí” + et + adv. nunc “agora”) “aquí e agora”.Moi usado para chamar a pensar as cousas desde a realidade e a non deixarse levar por teorizacións abstractas.
53. **homo homini lupus:** (N. + Dat. de homo,-inis + N. de lupus,-i “lobo”) “o home é un lobo para o home”. Frase da *Asinaria* de Plauto popularizada por Hobbes, filósofo inglés do século XVIII, que di que o egoísmo é básico no comportamento humano. O texto exacto de Plauto di: “lupus est homo homini, non homo”
54. **homo sapiens:** (sapiens,-tis) “home sabio”, “home racional”. Segundo os antropólogos é a especie de home fósil que evolucionou a partir de grupos locais de *homo erectus*.
55. **hora est iam de somno surgere:** “é hora xa de espertar do sono”. Frase do Novo Testamento dunha epístola de San Pablo (Romanos,13-11).
56. **horror vacui:** “horror ó baleiro”. Segundo algunha corrente filosófica, a materia tende de forma inmediata a encher calquera espazo baleiro porque ten *horror vacui*. Esta expresión emprégase tamén en historia da arte para describir aquelas figuras en que todos os espazos están ocupados por figuras rosáceas, svásticas...
57. **ibidem:** (adv.) “alí mesmo”, “no mesmo lugar”. Úsase nas notas de pé de páxina para remitir a unha obra xa citada ou da que se está falando, do mesmo modo que *loco citato*, *opere citato*.

58. idem: “o mesmo” “igual”. Emprégase para evitar a repetición dun nome, e, ás veces, na expresión pleonástica *idem de idem* “o mesmo do mesmo”.

59. id est: “isto é” “é dicir”. Aparece abreviado i.e.

60. imprimatur/ imprimi potest: “imprímase”/ “pode imprimirse”. Son dúas fórmulas equivalentes. Fórmulas de licenza que concede a autoridade eclesiástica para imprimir un escrito. Palabras que se poñían despois do *nihil obstat*.

61. in absentia: “en ausencia” “por ausencia”.

62. in aeternum: “para sempre” “para a eternidade”. Dise tamén *in perpetuum*.

63. in albis: “en branco” “sen nada”. Locución que se usa na expresión “quedarse *in albis*” para indicar a perda momentánea da memoria ou para indicar que un non se entera do que oe ou ve. Non se usa correctamente en expresións como “deixar ao público *in albis*”.

64. in articulo mortis: “no momento da morte” “a punto de morrer”. Dise dun testamento, dunha bendición, dun matrimonio, dunha absolución... Ás veces ten o mesmo senso que *in extremis*, aínda que esta última expresión pode indicar que se atopou unha solución no último momento. V. gr.: A presidenta do consello de administración casou no hospital de San Pedro *in articulo mortis*.

65. in dubio pro reo: “na dúbida, a favor do reo”. Principio do dereito romano que pasou ao dereito internacional, segundo o cal, o que acusa debe probar a culpabilidade do reo e non este último a súa inocencia.

Ten outras formulacións: *In dubiis reus est absolvendus* “na dúbida o reo debe ser absolto”, etc.

66. in extremis: (prep. in “en” + Ab.pl. de extremus,-a,-um “ultimo”) “nos últimos momentos, “ nas últimas”. Aplícase a persoas e situación indicando que están a punto de morreren ou desapareceren.

67. in fraganti / in flagranti delicto: (a primeira expresión é a deturpación da segunda) Lit. “en ardente delito”. Expresión que se usa para indicar que se sorprende a alguén no momento de cometer algunha falcatuada e sen que lle dera tempo a escapar.

68. in itinere: (in + Ab. sg de iter, itineris “camino”) “no camiño”. A piques de acadar algo, pero que aínda non se logrou.

69. in illo tempore: “naquel tempo”, “naquela época”. Frase coa que se quere facer referencia a unha época moi alonxada no tempo. V.gr.: As cousas eran distintas *in illo tempore*.

70. in medio virtus: (in medio(stat) virtus) “a virtude está no medio”, “a perfección está no punto medio”. Cfr. aurea mediocritas.

71. in memoriam: “en memoria”, “para recordo”(de alguén ou de algo). Refírese sobre todo ás inscricións funerarias e aos escritos en homenaxe a un defunto.

72. in mente: “na mente”, “no pensamento”.

73. in pectore: “no peito”, “no corazón”. Dise dos cardenais dos cales non se fixo aínda público o seu nomeamento. Emprégase tamén para indicar o segredo con que alguén garda unha resolución.

74. in saecula saeculorum: “polos séculos dos séculos”. Para sempre.

75. in situ: (prep. in + Ab. Sg. de situs,-us “sitio”) “ no sitio”, no lugar mesmo dos feitos. Utilízase na linguaxe técnico-científica para indicar que algo non se estuda nun gabinete ou biblioteca senón no mesmo lugar en que se produce o feito ou está a cousa obxecto de estudo. A observación *in situ* aporta eses datos.

76. intelligentibus pauca: (D. pl. de intelligens,-ntis “intelixente” + N. pl.n. de paucus,-a,-um “pouco”) “Ó intelixente poucas cousas”. A persoa intelixente comprende as cousas de seguida. Úsase cando un non quere ser explícito nunha cuestión e fala por medias palabras. Equivale a “A bo entendedor, poucas palabras”.

N.B. o normal é atopar *intelligenti pauca*.

77. in vino veritas: “no viño (está) a verdade”. Célebre adaxio co que se quere indicar que o home bébedo di a verdade que non diría sobrio.

78. in vitro: “no vidro”. Proceso que se desenvolve artificialmente nun laboratorio,v.gr. fecundación *in vitro*.

79. inter nos: “entre nós”, “en confianza”.

80. interim: “entre tanto”. Intervalo de tempo no que unha función é desempeñada por unha persoa diferente á titular. Tamén se usa como adverbio co valor de provisionalmente.

81. ipso facto: (Ab. de ipse + Ab. de factum,-i “feito”) “polo mesmo feito”, “no momento mesmo do feito”. Úsase con senso causal: se o señor sentaba á súa mesa a un escravo, este pasaba *ipso facto* a liberto. Ou co senso temporal de inmediatamente: morreu *ipso facto*.

82.lapsus calami: (N. de lapsus,-us + X. de calamus,-i “pluma”) erro ao escribir.

83. lapsus linguae: (N. de lapsus,-us “erro, descoido” + X. de lingua,-ae “lingua”); erro ou tropezo involuntario e inconsciente ao falar

84. lato sensu: “por extensión”, “en sentido lato”. Oponse a *stricto sensu*.

85. magister dixit: “díxoo o mestre”. Con esta frase subliñase o ton autoritario e terminante de quen fala. Procede dos ambientes da escola de Pitágoras, na que se aceptaba a opinión del sen discusión. Hoxe aplícase , por extensión , a todo xefe dunha escola, dunha doutrina ou dun partido.

86. manu militari: (Ab. de manus,-us “man”+ Ab. de militaris,-e “militar”) “con man militar” ou “con man de ferro”. Expresión castrense que se usa para describir unha acción levada a cabo coa disciplina e dureza que supostamente reinan no mundo militar. É incorrecto dicir “ con *manu militari*”. Impuxo unhas leis *manu militari*.

87. mare magnum: (mare,-is + magnus,-a,-um) Lit. “mar grande”. Foi en orixe, xunto a *mare nostrum*, a denominación que os romanos daban ao mar Mediterráneo. Na actualidade indica idea de abundancia e confusión de persoas e cousas.

88. mea culpa: “pola miña culpa”.Utilízase para admitir a responsabilidade por algún erro.

89. memento mori: (imperativo de memini (depon.) + inf.de morior) “recorda que has morrer”. Frase de saúdo entre os monxes trapenses cada vez que se encontraban. Tamén se lles dá este nome ás representacións en que aparece unha caveira como símbolo da morte.

90. memorandum: (xerundivo de memoro) “o que debe ser recordado”.

91. mens sana in corpore sano: “unha mente sa nun corpo san”. É unha expresión de Xuvenal, poeta satírico do século II d.C., coa que se indica a necesidade de “ un espírito equilibrado nun corpo equilibrado”.

92. modus operandi: (N. de modus,-i “modo” + X. do xerundio de operare) “modo de obrar”. Úsase para indicar o xeito de actuar de alguén.

93. modus vivendi: (N. de modus,-i “modo” + X. do xerundio de vivere “vivir”) “modo de vivir”. Indica un amaño, axuste ou acordo entre dúas partes en litixio. Nas relacións internacionais é unha solución provisional á espera de acordo definitivo. Na actualidade aplícase comúnmente á forma de vida singular de famosos, ricos e todo tipo de animais.

94. mortis causa: “por causa da morte”. Termo do dereito.

95. motu proprio: (Ab. de motus,-us “movemento” + Ab. de proprius,-a,-um “propio”) “por propia iniciativa”. Expresión que se usa para dar a entender que alguén fai algo voluntariamente. Foi declarar *motu proprio*. É incorrecto dicir *de motu proprio*.

96. mutatis mutandis: (Ab.pl.do part.pret. e do xerundivo de muto “cambiar”) “cambiado o que deba ser cambiado”, “cos cambios necesarios”, “coa adaptación necesaria”. Así: o que dis, *mutatis mutandis*, pódese aplicar ao meu caso.

97. nemine discrepante: (Ab. de nemo,-inis “ninguén”+ Ab. do part. Pres. de discrepo “discrepar”) “sen que ningunha discrepe”, “por unanimidade”. Así: A proposta aprobouse *nemine discrepante*.

98. nihil novum sub sole: “nada novo baixo o sol”, é dicir, “ todo está inventado”. Con esta locución quérese expresar o sentido cíclico da vida, onde todas as experiencias e todos os acontecementos, por moi novedosos e orixinais que parezan, xa existiron previamente. Palabras atribuídas a Salomón (Eclesiastés, 1, 9), que significan que todo está dito.

99. nihil obstat: (nihil + 3ª p. sg. do pres. indic. de obsto) “nada se opón”, “non hai impedimento”. Frase coa que un superior autoriza a publicación da obra dun inferior, sobre todo en edicións de asunto relixioso.

100. noli me tangere: “non me toques”. (imperativo de nolo + Ac.de ego + inf. de tango). Palabras de Xesús á Magdalena, despois da resurrección.(Ioannes, 20, 17). Por iso, chámase así as representacións artísticas nas que Cristo se aparece á Magdalena no sartego. Tamén se lle dá este nome en medicina a un tipo de feridas que, ao tocalas, empeoran.

101. non plus ultra: (adv. non + adv. plus “máis” + adv. ultra “alá”) “non (hai) máis alá”. Antes do descubrimento de América dicíase: *non plus ultra*. Inscrición gravada sobre dúas columnas, que representan as mitolóxicas columnas que Hércules colocara a cada lado do estreito de Xibraltar para avisar de que o mundo acababa por alí.. O descubrimento de Colón demostrou que o mundo non acababa alí. E España modificou a frase en *plus ultra* e púxoala no seu escudo.

102. nosce te ipsum: (imperativo de nosco + Ac. de tu e de ipse) “coñécete a ti mesmo”. Tradución latina da famosa inscrición grega do frontispicio do templo de Apolo en Delfos. Intentaban expresar que o empezo da sabedoría está no coñecemento profundo dun mesmo. Tamén se di que era un dos principios filosóficos de Sócrates.

103. nota bene: (imperativo de noto “anotar” + adv. bene “ben”) “anota ben”, “pon bo coidado”. Frecuente nos libros para chamar a atención sobre algún punto. En abreviatura N. B. ou simplemente Nota.

104. numerus clausus: (numerus,-i + adx. clausus) “número cerrado, limitado”. Úsase para indicar que unha institución determinada (v. gr. unha facultade universitaria, unha escola, etc.) só acepta un número limitado de candidatos.

105. nunc et semper: “agora e sempre”. Dise frecuentemente ao final das oracións litúrxicas ao nomear a Deus.

106. opere citato: “na obra citada”. Emprégase nas notas de pé de páxina para referirse á obra dun autor citada en pasaxes anteriores. En abreviatura op.cit. e O.P.

107. o tempora! o mores!: oh tempos!, oh costumes!. Famosa exclamación de Cicerón contra a corrupción e perversidade dos homes do seu tempo. Tamén foi usada por Séneca en varias ocasións.

108. panem et circenses: (Ac. sg. panis,-is “pan” + Ac. Pl. circensis,-e “circense”) “pan e espectáculos de circo”, “comida e diversións”. Era o que pedía a xente en Roma, segundo un anaco dun verso do escritor satírico Xuvenal (século II d. C.) no que alude ao manexo da masa popular polo poder de turno. Equivale a “pan e touros” , “pan e fútbol”. Esta expresión utilízase para denunciar a actitude dos gobernos populistas que, co fin de contentar aos cidadáns, aplican medidas satisfactorias pero que non solucionan os problemas de fondo.

109. peccata minuta: (peccatum,-i + minutus,-a,-um) “ faltas sen importancia” “faltas leves” É incorrecto dicir unha peccata minuta, ou o plural, peccatas minutas. N.B. ten xénero neutro.

110. per accidens: “por accidente”, “ dun modo accidental”. Fórmula filosófica e xurídica que se opón a *per se*.

111. per capita: (prep. per + Ac. Pl. de caput,-itis “cabeza”) Lit. “por cabezas”. Úsase como expresión técnica na linguaxe financeira e estatística indicando a proporción que de algo corresponde por individuo. Así: renda per capita.

112. per se: “por si mesmo”, “esencialmente”. Oponse a *per accidens*.

113. post data: “despois de dada”. O que se engade a unha carta despois de ser asinada. En abreviatura P.D.. Os anglosaxóns utilizan as siglas P.S. que corresponden ao latinismo post scriptum “despois do escrito”.

114. post mortem: “despois da morte” Emprégase na linguaxe médica e do dereito.

115. primus inter pares: “primeiro entre iguais”. Dise de quen ten primacía pero non ten máis autoridade cós demais. Ten honor pero non ten máis mando cós outros.

116. primum vivere, deinde philosophari : « primeiro vivir, despois filosofar ». Precepto dos antigos polo que se mofaban das persoas que só sabían filosofar ou discutir e non eran capaces de conseguir para si os medios de existencia. Pola contra, Cicerón dicía *vivere est cogitare* “vivir é pensar”. Utilízase cando o falante quere deixar claro que, antes da reflexión sobre principios e causas da existencia, é necesario cubrir as necesidades máis perentorias do ser humano.

É incorrecto dicir *philosophare*, porque en latín este verbo é depoñente.

117. pro indiviso: “sen dividir”. Dise das cousas, obxectos ou cantidades de diñeiro que permanecen en comunidade sen que poidan dividirse.

118. quod natura non dat, Salmantica non praestat: “o que a natureza non dá, non o aporta (a Universidade de) Salamanca”. Para indicar que non pode darse intelixencia ao que naceu sen ela.

119. quorum: (X. pl. de qui, quae, quod) Lit.: “dos que”, “ o número dos que (fan falta)”. Abreviación de *quorum praesentia sufficit* “dos que chega a presenza”. Número de membros dun organismo que deben estar presentes para que os acordos teñan valor. Non puido haber votación por falta de quorum.

120. rara avis: “ave estraña”, “cousa inusitada”. Dise dunha persoa ou cousa difíciles de encontrar. Esta expresión aparece sobre todo no poeta Horacio e en Xuvenal, quen compara a muller fiel cun cisne negro, ave rara.

121. R.I.P. (requiescat in pace) (3ª sg. Pres. subx. de requiesco + in + Ab. de pax, pacis) “descanse en paz” (D.E.P.) Siglas que atopamos sobre moitas sepulturas ou en esquelas mortuorias. Os romanos usaban neses casos a expresión *Sit tibi terra levis* “que a terra che sexa liviá”

122. referendum: (Xerundivo de refero) “ o que debe ser consultado”.

123. S.P.Q.R (Senatus Populusque Romanus) “ o Senado e o Pobo Romano”. Firma que figura nos documentos, edificios oficiais, monumentos, estandartes, etc. É a firma de Roma, o lema que indica a unión entre os dous poderes teóricos, dos que emanan as leis.

124. si vis pacem, para bellum: “se queres a paz, prepara a guerra”. Expresión atribuída erroneamente a Xulio César. A máxima procede do tratado *Sobre las instituciones militares*, de Vexecio. Expresión que intenta demostrar que a mellor defensa é estar preparado para o ataque.

125. sic transit gloria mundi: “así pasa a gloria do mundo”. Reflexión sobre o efémero da vangloria mundana. Usábase esta expresión na coroación dos papas como un *memento mori*.

126. sine cura: “sen preocupación”. Dise dos cargos que non levan aparelada ningunha responsabilidade e só teñen vantaxes.

127. sine die (prep. sine “sen” + Ab. De dies,-ei “día”) “sen día”, sen fixar data determinada, posposto indefinidamente. Aprazouse a reunión *sine die*.

128. sit tibi terra levis (S.T.T.L.) “ que a terra che sexa liviá”. Inscrición funeraria moi frecuente. Cf. R.I.P.

129. sponte sua: “pola súa vontade”, “espontaneamente”.

130. statu quo: (Ab.de status,-us + Ab.do relativo) “no estado en que”, “na situación actual”. Indica que unha situación ou estado de cousas non debe cambiar ou debe voltar ao que era antes. Así: acordaron manter o *statu quo*.

131. stricto sensu: “en sentido estrito”, “en sentido rigoroso”.

132. sub iudice: “baixo o xuíz”, “aínda non decidido”. Expresión tomada de Horacio.

133. sui generis: “de xénero propio”, “moi especial”.

134. summum ius, summa iniuria: “suprema xustiza, suprema inxustiza”. A aplicación da lei ao pé da letra ás veces pode converterse na maior forma de inxustiza. Frase do comediógrafo Terencio, no século II a.C. usada despois por outros moitos autores, pois fíxose proverbial.

135. superavit: (3ª sg. pret. pfto ind. de supero co valor serodio de “sobrar”). Lit.: “sobrou”. Termo que se emprega en economía para indicar abundancia ou exceso de ingresos ou de algo que se considera necesario.

136. suum cuique (tribuere): (Ac. de suus,-a,-um: “o seu” + D. de quisque “cada un”) “a cada un o seu” “dar a cada un o que lle pertence”. É unha das frases básicas do dereito romano referente ao dereito individual. Pasou a ser unha das tres consignas do deber xurídico.

137. tamquam tabula rasa: “como táboa lisa” (na que non hai nada escrito). Estado da alma antes de recibir sensacións segundo a filosofía aristotélica. Nesta frase condénsase a oposición aristotélica á teoría das ideas innatas de Platón.

138. tempus fugit: “o tempo foxe”. Recordo dunha frase do poeta Virxilio: *fugit irreparabile tempus* . Aparece en esferas de reloxos e meridianas solares.

139. totum revolutum: “todo revolto”, “confusión total”. Úsase habitualmente de maneira despectiva para emitir un xuízo sobre unha creación que non manexa os seus

referentes con coherencia e, en xeral, para dar a entender que un determinado asunto mestura elementos de maneira indiscriminada.

140. tu quoque, fili mi: “ti tamén, meu fillo”. Célebre frase de Xulio César cando viu que, entre os conxurados, Bruto, o seu protexido, tamén empuñaba o puñal para asasinalo. Hoxe a expresión úsase para indicar a sorpresa e tristeza pola ingratitude de alguén polos beneficios recibidos.

141. ultimum: (relacionado co superlativo ultimus,-a,-um). Termo que indica na linguaxe diplomática, política e militar unha decisión ou un prazo definido e terminante. Se non se acepta, leva necesariamente á ruptura definitiva ou ás armas.

142. urbi et orbi: “á cidade e ó orbe”. Bendición que dá o papa con motivo do Nadal ou a Pascua a Roma e ao mundo enteiro.

143. ut infra: “como abaixo”, “como se di ao final”. Emprégase para referirse a algunha pasaxe ou cita posterior ao que se está escribindo.

144. ut supra: (conx. ut “como” + adv. supra “enriba”). “como se dixo enriba”, “como se dixo antes”. Referencia frecuente nos textos impresos. Avisa de algo xa dito evitando repeticións.

145. veni, vidi, vici: « cheguei, vin, vencín ». Hoxe úsase para indicar a rapidez coa que se conseguiu algo. Famoso e lacónico parte polo que César comunica ao Senado a rapidez da súa vitoria sobre Farnaces, rei do Ponto, no ano 47 a.C.

146. verba volant, scripta manent: “as palabras voan, o escrito permanece”. Este aforismo resalta a fugacidade das palabras, que as leva o vento, fronte á permanencia das cousas escritas. A lei fai prevalecer a proba escrita sobre a oral. Só se pode probar contra un escrito mediante un escrito.

147. verbi gratia: (X. sg. de verbum,-i “palabra” + Ab. de gratia,-ae). Lit.: “pola graza da palabra”. Equivale a “coma tal”, “por exemplo”; moi utilizada con fins didácticos. Escríbese en abreviatura v. gr.

148. vice versa: “cambiada a vez”, “ao revés”. É xiro latino cando aparece escrito en dúas palabras. Na forma “viceversa” é un latinismo incorporado ao castelán e ao galego.

149. viva voce: “de viva voz”. Xeralmente, falando de exames orais.

150. vox populi: “a voz do pobo”. Expresión utilizada para indicar un rumor ou opinión moi estendida. Por veces amplíase a vox populi, vox Dei “a voz do pobo é a voz de Deus, deixando entender que a opinión xeral non se equivoca ou que é un indicio providencial.

O exame consta de catro preguntas obrigatorias, de 5, 1, 2 e 2 puntos, respectivamente, as dúas primeiras con resposta única e as dúas restantes con posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (5 puntos)**CONTEXTO:**

A do Golfo de Guinea é, nestes momentos, a zona marítima máis perigosa do mundo. O 90% dos ataques de piratas a embarcacións que ocorreron no planeta no ano pasado foron nesa lámina de auga. (...) Non esquezamos que esa zona ten unha importancia vital para o comercio mundial (...) e para as vías de transporte das materias primas. (...) Cal é o perfil dun pirata no Delta do Níxer? Pois é o dun mozo con pouca formación, que xeralmente vén doutras formas de delincuencia ás que o Estado nixeriano foi poñendo límite. (...) Nas zonas en que se atacou a venda de petróleo ilegal, o refinado de cru roubado ou calquera negocio ilícito vinculado ao petróleo, aí é onde os mozos "canalizaron as súas enerxías" cara á piratería. (...) O bo goberno é a receita fundamental para acabar coa piratería, o desenvolvemento das zonas do Delta do Níxer para que estes mozos poidan aspirar a un emprego digno sen ter a necesidade de recorrer á delincuencia. (Adaptado e traducido de José Segura Clavell: "Piratas del siglo XXI", eldiario.es, 13/05/2021)

Un compañeiro vénlle con esta noticia, pero vostede quere facerlle ver que a piratería existiu desde a antigüidade. Como proba, atopa este texto que narra como os romanos se enfrontaron á piratería nun determinado momento. Antes de explicarllo, ha de demostrar que vostede o comprendeu, o cal pode facer mediante unha destas dúas maneiras: **traducindo o texto ou ben respondendo, en latín, as cinco cuestións derivadas do texto. (5 puntos)**

TEXTO:

Dum haec geruntur, piratae omnia maria infestabant ita, ut Romanis toto orbe victoribus sola navigatio tuta non esset. Quare id bellum Cn. Pompeio decretum est. Quod intra paucos menses ingenti et felicitate et celeritate confecit.

CUESTIÓNES:

1. Erantne multi piratae mari an non?
2. Cur Romanis sola navigatio tuta non erat?
3. Quis bellum contra piratas gessit?
4. Bellum contra piratas fuit longumne an breve?
5. Quomodo bello contra piratas finis factus est?

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS. (1 punto)

Analice **morfolóxica e sintacticamente** este fragmento do texto anterior: **(1 punto)**

Dum haec geruntur

PREGUNTA 3. LATÍN E PLURILINGÜISMO. (2 puntos)

Responda un destes dous apartados:

- 3.1.** Sinala o prefixo de orixe latina e explique que significado achega en cada unha das seguintes palabras: "anteface", "discordancia", "intravenoso", "perdurar", "transexual". **(2 puntos)**
- 3.2.** Explique o significado das seguintes expresións latinas e utilíceas nun exemplo adecuado: "ad hoc", "conditio sine qua non", "lato sensu", "mutatis mutandis", "statu quo". **(2 puntos)**

PREGUNTA 4. A LITERATURA LATINA NOS SEUS TEXTOS. (2 puntos)

Responda un destes dous apartados:

- 4.1.** Sintetice os principais datos da obra historiográfica de Tito Livio. **(2 puntos)**
- 4.2.** Sintetice as principais características da comedia plautina. **(2 puntos)**

APUNTAMENTOS



ROMA
OLIM
MILO
AMOR



APUNTAMENTOS



ROMA
OLIM
MILO
AMOR



APUNTAMENTOS



ROMA
OLIM
MILO
AMOR



Bibliografía:

- Apuntamentos dos profesores Eva Vilariño Mato (IES de Melide), Álvaro Pérez Vilariño (IES M. García Barros, A Estrada) e Susana Losada.
- Materiais elaborados polo grupo de traballo de Latín II para as PAU, coordinado por Xosé Carracedo.

